

Mos, 20 xuño 2023

Estimados nais e pais:

Dende a **Asociación de Nais e Pais dos Alumnos (ANPA) do IES de Mos** dámosvos a benvida ao novo curso escolar **2023/2024**, co obxectivo de animarvos a participar connosco das iniciativas e actividades.

¿Qué é a ANPA e qué facemos?

A ANPA é un grupo de pais, nais e titores co obxectivo común de participar na educación dos nosos fillos/as, coa ilusión de traballar na defensa e mellora da calidade do ensino público. A nosa ANPA está formada non só pola Xunta Directiva, senón por todos os socios.

A ANPA achega iniciativas e transmite as inquietudes dos pais ó equipo directivo do centro, serve de vínculo entre os pais e os representantes do Consello Escolar, co obxecto de trasladar aquelas cuestións de interese que xurdan ó longo do curso.

Ademáis a Xunta Directiva da ANPA:

*Colabora economicamente con distintas actividades complementarias, propostas polos distintos departamentos, así coma: conferencias (escritores, científicos, antigos alumnos), saídas culturais (museos, obras de teatro), Programa de Mediación, Magosto, saídas formativas (universidade, centros de FP, empresas).

*Financiamos a compra de material (biblioteca, aula de música, vinilos, enmarcación traballos de plástica) e calquera outro gasto imprevisto que nos soliciten dende o claustro.

*Colaboramos no acto de graduación de Bacharelato.

*Fomentamos a lectura coa entrega dun cheque de 6 euros a socios, para comprar un libro polo Nadal.

*Canalizamos en colaboración co Centro e co Concello, as necesidades de transporte, para que se cumpran as rutas e os horarios.

Por suposto, temos máis temas que traballar, e isto só e posible se nos axudades vós, Moitas destas accións levámolas a cabo tamén grazas á axuda do Concello, tanto coas subvencións coma co apoio do personal do mesmo e por suposto do Centro. Sempre a Anpa está á vosa disposición.

¿Cómo pertencer á ANPA ?

Para pertencer á ANPA só tés que solicitalo a través da folla de inscrición que facilitamos con esta carta, entregándoa a ser posible coa matrícula no IES, e pagar a **cota anual do socio**, que segue sendo a mesma ca outros anos de **15 € por familia**. O ingreso pódese realizar por transferencia bancaria na conta da entidade **ABANCA: ES13 2080 5092 0630 4002 8941**. **IMPORTANTE: indicar o nome e apelidos do alumno e curso, ou ben en efectivo** contactando coa ANPA.

¿Qué vantaxes ten ser socio da Anpa?

Permíteche participar achegando ideas e suxestións, e o teu fillo/a será o primeiro/a beneficiado/a non só na súa formación con todo o que se leve a cabo, senón tamén tendo acceso a subvencións para ás excursións e festas realizadas polo centro, ao bonodesconto de 6 euros para mercar un libro no nadal, etc.. por todo isto animámosvos a que formedes parte dela.

¿Cómo contactar coa ANPA?

Podedes contactar connosco a través do Teléfono 664 673 475, do enderezo electrónico anpaiesmos@gmail.com, ou da páxina web do instituto, no apartado da Anpa.

Un saúdo dende a Anpa,

FOLLA DE INSCRIPCIÓN ANPA:

NOME E APELIDOS DOS/AS ALUMNOS/AS E CURSO NO QUE SE MATRICULAN NO 2023/2024:

1º

CURSO LETRA.....

2º

CURSO LETRA.....

3º

CURSO..... LETRA

NOME E APELIDOS DO PAI:

.....

NOME E APELIDOS DA NAI:

.....

TELEFONO FIXO:

MOVIL:

ENDEREZO ELECTRONICO:.....

SI QUERO

NON QUERO

Si / Non desexo recibir información
por enderezo electrónico

POLITICA DE PROTECCIÓN DE DATOS:

ACEPTO

NON ACEPTO

Protección de datos: A ANPA ÁS POZAS garante que todos os datos facilitados se utilizarán exclusivamente para a comunicación directa entre a AMPA e o interesado. En ningún caso se cederán os devanditos datos a ningún terceiro, Administración Pública ou empresa, salvo para facilitar os listados de alumnos aos organizadores das actividades extraescolares se as houbese. Os interesados poderán exercer o dereito de acceso, rectificación e cancelación se así o solicitasen por escrito a ANPA AS POZAS, As Pozas Estivada – Petelos (36416 – Mos- Pontevedra).

Importante: No ingreso por transferencia bancaria debe indicar o nome do alumno/a e curso (cota 15 euros *por familia*).

ABANCA IBAN: ES13 2080 5092 0630 4002 8941